

# Entrevista a María Victoria Moreno

Entrevista de Xan Carballa a María Victoria Moreno.  
Fonte: *A Nosa Terra*, nº 1.157, do 30 de decembro de 2004 a 5 de xaneiro de 2005



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

**Cal é razón fonda para escribir este libro, que é unha tesemuña da enfermidade pero amén é literatura, da que ás veces se di que é terapéutica?**

Non o sei. No libro aconsello á xente que escriba. Conto unha muller que tiña osteoporose coa que me vía no cemiterio de San Mauro. Buscábase no sitio acougado, ela llame as úas cousas e eu leváballe poeas que pensaba que lle podían ervir para acougar a alma. Non que atopase a ledicia, porque me un gran pesar non a vas tocar, pero levalo con paz é importante. Se o pesar máis fondo conseguí converterlo en melancolía, que é un sentimento superior, daquela estás feliz. Na melancolía vívese con acougo. Por so aconsello que se escriba, que e trate cos animais, que se ca... A min non mo aconsello, pero estiven moito tempo oia, porque a miña filla estaba óra e os meus amigos tiñan os seus traballos, aínda que os saía dispostos as 24 horas. Escribí unha novela nese tempo, *Tuedellas de seda e liño*, pero era un traballo que non me presaba. Enchín seis libretas, e larxuei moito e tamén moito fel. Cando tes esta pupa cabrona, garimo non che falta pero si omprensión. Ti dis, estás mal e linche que estás moi ben, que ngordaches... dincho por ben ero amola. Nesas libretas soltaba o que quería, e uns días antes de saír o libro rompinas todas. Algunhas cousas están no libro, arraxadas, e servindo de fio ao que conto. O libro é lixeiro e pode ser lido por calquera. A miña idea é transmitir serenidade. Cando as cousas se poñen feas non teñen arreglo, pero si podes aliviar a alma porque despartas outros pensamentos.

**Un dos fios son anaes do ensaio de García Sabell, *Pa-seata arredor da morte*. Convalida moitas das cousas que el analiza?**

Cancro identifícase con morte, e non é así. Pode ser fulminante pero en xeral avisa longamente. Esa identificación existe, pero aquí non estamos para quedar sempre. Se eu fose unha fada e tivese na miña man facer de ti un inmortal e deixarte neste mundo por sempre, eu non che faría esa putada. García Sabell fala de que cando a morte comeza a substituír á vida non é tan duro, o duro son os prolegómenos. A dor, a desesperación... pero unha vez que a morte se aposenta no teu vivir as testemuñas aseguran que se recibe con grande prazidez. A maior parte da xente, sen ser crentes nin nada semellante, morren prazidamente, cun sorriso. Iso que di García Sabell de que no derradeiro momento se sabe perfectamente que ten a razón que está a morrer e non os que está no seu carón é así. Teño un amigo que é de profesión relixiosa, que gañou a súa vida non como crego senón co seu labor intelectual, estivo moi mal e di que non chegou a ver ningún túnel de luz, nin vertixe, pero cando acordou e volveu á vida, sentiu un fondísimo senti-

## María Victoria Moreno

### 'Estamos ben programados, gozamos da vida, pero ao final aceptamos a morte'

XAN CARBALLA

*Diario da luz e a sombra* (Xerais) é o máis recente libro de María Victoria Moreno, unha das máis importantes escritoras galegas no eido da literatura xuvenil, á que deu algúns dos títulos máis vendidos como *Anagnórise* ou *Leonardo e os fontaneiros* o seu libro máis querido. En *Diario da luz e a sombra* fai a crónica da súa vivencia con cancro detectado hai sete anos, sen abandonar unha poderosa pulsión literaria.



mento de desagrado, estaba mellor alí. Estamos moi ben programados, disfrutamos da vida enormemente e queremos todo o que é fermoso, pero tamén estamos feitos para marchar. Eu penso, como di o Quixote, o Evanxeo de Xoan ou San Paulo, que o podes coller de onde sexa, que *Todo é para ben*. Pensei que o feito de estar enferma, de ir á clase con chapeu ou perruca, que os alumnos visen que a profesora non tiña a cilindrada de antes, podíame servir para educalos no que a sociedade non educa, *reconda que es pó e en pó has converterte* e mentras tanto disfruta e fai disfrutar os demais. Pensei que eu era exemplo desa actitude, quixen educalos na idea de que a vida non dura sempre pero hai que disfrutala. Cando non poden facelo por falta de forzas, nese momento decidín deixar de ensinar. E tiven a despedida máis fermosa que podas imaxinar. A xente dame moito amor.

**Non fixo un libro de autoaxuda...**

Peró se axuda, benvido sexa. E púdolle tamén o oficio literario.

Fixeno como unha escritora e se quedas pendurado dos personaxes, querendo saber que foi deles, é porque a vida é o modelo da novela. Se contas unha vida sempre quedan fios pendentes.

**Tamén di que quizais sexa un libro que non debe ler unha persoa nova.**

Penso que non, aínda que tampouco me importaría que o lese, porque hai rapaces novos que entenden moito. O tema é serio e evitei o tratamento dos cánceros da xente nova, que moitas veces son fulminantes e iso non poden entendelo. Creo que o libro pode axudar a ver a vida doutro xeito, non só a xente enferma senón a quen teña outras doenzas na alma.

**Reivíndicase como unha muller feliz coa súa profesión**

de ensinante. Despois de corenta anos de experiencia no ensino, como ve a evolución da mocidade neses anos porque no libro conta anécdotas admirativas dunha xeración que ás veces mírase con prexuízos.

A diferenza xeracional existe e a xente maior pensa que ten sempre razón pola experiencia e por intereses creados. Quere meter á mocidade pola súa canle e non entra, nin agora nin nunca. A mocidade é a que tira do mundo, a que o fai cambiar e iso non se pode parar, sexa para ben ou para mal. O que me disgusta é a actitude de envexa dos grandes aos pequenos, pensando que teñen o que ti non tes. Pero non é así; cada época ten os seus sacrificios, os seus esforzos e as súas opcións. Na miña xeración había xente que non estudaba pero os que o facíamos case tiñamos un posto de traballo asegurado cousa que hoxe nin por asomo. Había un respecto reverencial a unha serie

de cousas e hoxe non o hai, pero tampouco era necesario ou xusto. Hai bos, maos e regulares, pero hoxe están despistados porque están maleducados. Os agasallos desta época son, nunha mensa parte, para xogar e para estar sós, non se fomenta a solidariedade ou a compañía...

**Un instituto é un gran lugar para a observación.**

Velo todo. Vin grandes cousas, a idea que teñen da solidariedade, da xustiza, como saben sempre con quen están, e tamén envexas. Alí hai unha mostra da humanidade, co bon e o menos bon. Pero se os pais o que queren é ter máis cartos para iso hai que traballar máis e fáltase da casa. Non se está cos nenos que quedan baixo o mando da televisión, e cos rapaces hai que estar. Telos porque queres e duran pouco como tales nenos. Na medida que disfrutes deles e eles de ti créase o amor máis fondo.

**Naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) e chegou a Galiza a dar clase con vinte dous anos. É unha persoa que se integra até o punto de ser unha das grandes autoras da literatura galega. Como foi ese tránsito?**

Na miña familia non hai ascendentes galegos. A da miña nai é de militares de orixe andaluza e a de meu pai de labregos acomodados da raia entre Toledo e Cáceres. Estudei o bacharelato en Catalunya e a carreira de Filoloxía Románica en Madrid. Empecé cunha novela en castelán coa que fun finalista no Café Gijón e tiven un primeiro premio en Guimarães. Alí entra a miña crise de conciencia, e nela ten moita importancia na miña vida Xesús Alonso Montero. Cheguei a Pontevedra, onde escoitaba dicir, *que jovencita, licenciadita, ¿te harás del Casino?*, e daquela souben que aquilo non era o meu. O que fixen foi poñerme a estudar, porque o instituto era a miña paixón, e gañei a oposición. Botei dous anos en Lugo e comprendín a distribución social da lingua. E sempre estiven cos pobres da terra. Fun competente na miña carreira, sabía francés, catalán, italiano e castelán, tamén algo de romeno e portugués e aprender galego non era ningún problema. Escribo sempre como un impulso, sen planificación, *Mar adiante* o primeiro libro galego saíu porque o soñei. E a partir daquela o meu compromiso co galego xa foi para sempre. Ningunha lingua me necesita a min. Fun necesaria para sacar adiante á miña familia cando tivo problemas, pero ningunha literatura necesita a María Victoria Moreno. Escribo en galego porque amo a Galiza, porque Galiza me deu moito, porque penso en galego, porque collín a causa dos pobres... aínda que tamén o foi de certos vividores, porque hai libros que non se publicarían en ningunha outra lingua de cultura. Penéirase pouco, pero a política dos editores, non a crítico, é que hai que facer cordilleira para que aparezan cumes. Eu non escribín en galego por ningunha gloria mundana. ♦